

Declaración de interese para VERIFICACIÓN/MODIFICACIÓN de títulos de GRAO que se implanten no curso 2025/2026

Normativa reguladora máis relevante: [RD 822/2021](#) polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade, [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2022.

Denominación do título de GRAO proposto	Ciencias Ambientais
Centro de impartición na UVIGO	Facultade de Ciencias
Obxectivos do título	<ul style="list-style-type: none"> - O perfil xeral do grado en Ciencias Ambientais debe estar orientado cara á formación de profesionais cunha visión multidisciplinar e global da problemática ambiental, enfocada desde diversos sectores do coñecemento. O titulado en Ciencias Ambientais será capaz, desde esta visión ampla, de coordinar e completar os traballos de especialistas en distintas áreas. - As ensinanzas conducentes á obtención do título de grado en Ciencias Ambientais deberán proporcionar unha formación adecuada nos diferentes aspectos do medio ambiente. Un bo profesional do medio ambiente debe ser capaz de tratar a problemática ambiental con rigor e de forma interdisciplinar, de acordo coa complexidade do seu ámbito de traballo. - O devandito grao forma a profesionais cunha orientación específica cara á conservación e xestión do medio e os recursos naturais, a planificación territorial, a xestión e calidade ambiental nas empresas e administracións, baixo a perspectiva da sustentabilidade. - Estas ensinanzas dotan aos profesionais dos coñecementos, técnicas e ferramentas prácticas necesarias para a consecución de tódolos obxectivos propostos e para permitirlles manter unha actitude aberta e autodidacta fronte ás novas problemáticas e realidades ambientais, a nova lexislación e tecnoloxías, así como as novas preocupacións e percepcións socioambientais.
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	22/11/2023
Persoa de contacto no centro	Nome: Pedro Antonio Araujo Nespereira
	Email: sdefco@uvigo.es
	Teléfono: 988387061
É a proposta unha modificación de oferta xa existente?	X Si <input type="checkbox"/> Non
	<p>Se se trata dunha modificación dun título existente, indicar nome do título de orixe: Grao en Ciencias Ambientais</p> <p>Nota: Proponse unha modificación non substancial co fin de adscribir a titulación aos novos ámbitos de coñecemento do RD 822/2021. O ámbito de coñecemento máis adecuado para o Grao en Ciencias Ambientais é “Ciencias medioambientales y ecología.”</p>

<p>É a proposta un título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:</p>
<p>É unha proposta de carácter interuniversitario?</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora:</p>
<p>Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?</p>	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p>Requisito 1: A preocupación polo Medio Ambiente converteuse nun dos eixos centrais das políticas da Comunidade Autónoma de Galicia nos últimos anos, o que implica unha importante demanda de profesionais capacitados para, por unha banda a conservación do medio natural e, por outro, a recuperación dos espazos degradados pola actividade humana. Polo tanto, existe unha demanda real por parte da sociedade e dos/das estudantes do Título en Ciencias Ambientais que conta cun número de acceso á titulación de 45 estudantes</p> <p>Requisito 2: Tendo en conta que é unha titulación única no Sistema Universitario de Galicia, o carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do SUG é evidente.</p> <p>Requisito 3: Posto que existe na Universidade de Vigo esta titulación e se trata dunha modificación non sustancial para adaptala o novo RD 822/2021, xa conta cos recursos dispoñibles para a súa impartición.</p> <p>Requisito 4: Fomenta o espírito emprendedor e o autoemprego en tanto que unha boa parte das e dos tituladas/os neste grao son autónomos.</p> <p>Requisito 5: O título contempla sistemas de innovación e de capacitación dos estudantes participando en redes internacionais de calidade.</p> <p>Requisito 7: Non coincide con obxectivos e contidos doutros títulos nesta universidade.</p> <p>Requisito 6 e 8: Os mecanismos de revisión do título e o encadre da proposta na oferta global galega, xa foron xustificados previamente. Trátase dunha modificación menor que non afecta ao equilibrio entre campus.</p>
<p>Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)</p>	<p>Biología Funcional e Ciencias da Saude Biología Vexetal e Ciencias do Solo Ecoloxía e Biología Animal Química Analítica e Alimentaria Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio Química Física Enxeñaría Química Enxeñaría dos recursos Naturais e Medio Ambiente Física Aplicada Dereito Público</p>
<p>Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria (indicar expresamente os membros da comisión)</p>	<p>Pedro Antonio Araujo Nespereira, Decano do Centro Beatriz Gullón Estévez, Vicedecana de Calidade Gil Garrote Velasco, Coordinador do Grao en Ciencias Ambientais</p>

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de GRAO que se pretendan implantar no 2025/2026 é o **24 de novembro de 2023**.
- Enviar a verifica.grao@uvigo.es